



# Belén Feliu: Recordanza

. Texto inédito, leído polo autor no acto de presentación do libro Da Guenizah de Belén Feliu en Abril de 1999  
. Autor: **Xose Manuel G Trigo**

A primeira vez que falei con Belén Feliú foi nos peiraos da beiramar de Muros, un día cadrando co comezo dun curso xa lonxano. Tiñamos unha reunión pola tarde os profesores do Instituto, e, despois de xantar, para facer tempo, boteime a andar polo recheo da vila, aturdido pola luz limpísima do setembro muradán. E nestas, fun bater cunha cara que me pareceu ter visto pola mañá no Insti, nese troupeleo inaugural de dármonos a coñecer polos corredores. Andaba Belén con ese aire despreocupado observando caras de mariñeiros e andares de muradana. Ía ela recollendo formas, movementos, e motivos destes máis ben próximos á percepción visual. Quedábase co espectáculo dun neno a xogar, pero ignoraba tranquilamente o voo da gaivota.

(Normal: unha das gracias estilísticas do libro de Belén é a orixinalidade metasémica, e, por certo, a gaivota como símbolo poético está moi gastado. Anque sempre hai quen aínda lle poida tirar partido emblemático como distintivo partidario, e mesmo gañar unhas eleccións e outras máis. A gaivota dá hoxendia máis xogo electoral que literario).

Eu souben de contado que Belén era unha escritora de cercanías. As gaivotas xa lle estaban lonxe. E non digamos os horizontes. Unha das cousas máis engaiolantes de Muros son os seus horizontes oceánicos, eses que van dar ás Américas. Pois a ela non lle facían chiste. Tal vez porque Belén presentía que así como o futuro é a lonxanía no plano temporal, resultaba tamén que os horizontes son a lonxanía no plano espacial. Ela quizais ventaba que non ía ter moito futuro nin moitos horizontes. Ela prefería fixarse no boquexo ensonñado do kioskero da praza ou nos ollos escandinavos dun neno muradán.

Acerqueime e pregunteille esta obviedade insoportable: se viña de profesora para o Instituto. Díxome que si, disolvendo con elegancia o meu incordio, e engadiu que mentres non era hora da reunión do claustro andaba por alí a cazar personaxes, que chos hai mol suxerentes na vila de Muros. Belén dixo "a cazar personaxes" e non pensamentos, como lles gustaría ós que queren ver neste libro máis filosofía ca literatura. Belén cazaba personaxes que é unha disposición xenuinamente literaria.

E despois falamos aínda bastante, sabéndonos atrapados niso que alguén chamou "o magnetismo das afinidades". Recordo que cando xa nos marchabamos para o Instituto, nun último rachizo de conversa tivo lugar unha secuencia un chisco enigmática: viñeramos vindo a falar de escritores franceses, e de repente pregunteille:

-Oes, ¿qué che parece Proust?

E quedou un tempinho a mirar para min, con aquel seu sorriso rosa, irónico e polisémico. Eses sorrisos que debilitan moito ó interlocutor. Que case o culpabilizan. E, certamente, pareceume que eu lle fixera unha pregunta un pouco gilipollas. Desas que se fan para aturdir a alguén e dar a entender que un ten lecturas de moita altura. Desas preguntas moi semellantes en intención a resposta que certos políticos lle dan ó xornalista que



invariabilmente se interesa por saber que libro están lendo. "Estou lendo a Homero", pode dicir calquera deputado. "Estou lendo a Proust", pode dicir calquera conselleiro. É o que máis recomendan os asesores de imaxe para impactar: citar a Homero ou a Proust. Un coñecido alcalde dunha coñecida capital galega disque dixo nunha ocasión que estaba lendo a *Ilíada* de Marcel Proust. Fíxose un pouco de lío.

Desde logo quen non quedou nada impactada naquela ocasión foi Belén, que me miraba algo así como compasivamente desde a súa superior intelixencia. E cando xa eu contaba con que merecidamente me soltara algo que castigara a miña párvula pregunta, ou a miña pregunta parva, pois resulta que non. Dixo isto que eu naquel momento non souben como traducir:

-Proust parécese moito a min.

Deixoume perplexo. Para ser a expresión da vaidade dunha escritora nova parecíame moita vaidade de Deus. Ó mesmo tempo aquel seu sorriso polifónico suxería interpretacións alternativas que o meu estado de acoramento non podía atopar. E así me deixou no desamparo, reducido á nada, ou simplemente reducido. Case en estado lilliputiense, que é unha metamorfose -finalmente feliz- que se produce en min cando aspiro á protección intelectual, ou maternal.

Máis adiante fun coñecendo algúns dos relatos de Belén Feliú pero non me atopei precisamente cunha escritura á maneira de Marcel Proust. Aquela distancia case distáctica entre o tecido verbal e o mundo referencial, entre textura e figura, e máis o gusto de Belén pola supresión e o hermetismo non parecían moi proustianos. O que eu encontraba alí era máis ben a tese de Mallarmé cando di que o máis placenteiro dun poema é a parte que temos que adiviñar. E pasándonos ó relato -que xa se sabe que é un territorio mol veciño do poema- eu vía que na escritura de Belén o que se di adiviñar, había que adiviñar un pouco, transitando polo seu hermetismo. O que antigamente se chamaba "trovar cerrado", viña sendo nela algo así como un "narrar cerrado".

Un día, ou unha noite, chamáronme para me contar que Belén sufrira un ataque de asma e que fora atopada no balcón da súa casa de Muros ó levantar o día. Por se este relato empezara de forma pouco surrealista, o meu comunicante aínda engadiu que a miña amiga fora trasladada en helicóptero a Santiago nun estado de gravidade preocupante. Recuperouse, pero só durante o tempo necesario para se despedir de nós, para buscar sitio na nosa memoria. Porque se un asmático como Proust nos deixou o libro máis fermoso do mundo, unha asmática como Belén deixounos o libro que máis recordaremos.

Hai unhas semanas fun a Muros respondendo á chamada do lugar, case como acuden á chamada dunha natureza profunda as criaturas dos relatos de Jack London, e acabei dando un paseo en busca do tempo perdido, claro, polo recheo dea beiramar. Non cambiaran moito nin os detalles nin os personaxes de outrora. Todo estaba a punto de literatura. ¿Non deixou escrito precisamente Mallarmé, ou calquera dos seus compadres simbolistas, que todo o que existe está destinado a ir parar a un libro? Pois alí o mesmo. E sen embargo -que ironía, que non deixa de encerrar unha certa beleza-, aquelas xentes, aqueles ventos, aqueles horizontes xa non irían parar a un libro de Belén. Por iso mesmo era coma se quedasen sen destino, sen razón. Pero enseguida soupen que tiñan sentido: estaban alí para cumpriren unha derradeira lealdade, inspirar a recordanza.

Xosé Manuel G. Trigo

Abril de 1999